



En Vilagarcía de Arousa, a de xuño de dous mil vinteún, ante min, Dona Rosa Losada Suárez, Secretaria Xeral do Concello,

COMPARECEN

DUNHA PARTE, D. Alberto Varela Paz, provisto do D.N.I. 35.461.107Y, actuando como Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa

DOUTRA PARTE, Dona María Carmen Iglesias Miguéns, provista de D.N.I. 35460183W con domicilio en Lugar de Saradelo-Corón, nº 35, termo municipal de Vilanova de Arousa, C.P. 33620, no seu propio nome e dereito.

EXPOÑEN

I.- Que Dona María Carmen Iglesias Miguéns é propietaria da parcela sita na Rúa Torre de Guillán-Carril 22, no concello de Vilagarcía de Arousa que conta cunha superficie de segundo datos catastrais 805,00m², e segundo recente medición de 743 m². A parcela ten referencia catastral nº 0075436NH2107N0001QW, segundo consulta descriptiva e gráfica que se incorpora ao presente convenio;

Incorporase, asemade, título de propiedade, que ven constituído por escritura complementaria de manifestación de herdanza outorgada en data 6.03.2019, ante a Notaria Dona M^a Isabel Fitera García, co número 411 do seu protocolo.

II.- Dende o Concello de Vilagarcía de Arousa considérase de gran utilidade poder utilizar unha superficie de 77,28 m² que se identifica en plano que se axunta ao presente convenio, coa finalidade de dar cumprimento as previsións do PXOM ampliando o vial existente en Guillán ao que da fronte a parcela anteriormente indicada.

III.- Os usos pretendidos no espazo obxecto do presente convenio non entraría en contradición coa clasificación da parcela, non atopándose prohibido polo planeamento nin a lexislación sectorial, senón que se pretende dar cumprimento as aliñacións previstas no PXOM de Vilagarcía de Arousa.



IV. A comparecente manifesta no presente acto que a parcela descrita no Expoñendo I se atopan libre de cargas e gravames.

V. O Alcalde Presidente en representación do Concello comprométese, por medio do presente convenio, a mellora do vial no terreo obxecto da presente cesión gratuíta.

VI. Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente con facultades bastantes para o outorgamento do presente documento.

Polo exposto, e en mérito da utilidade pública que conleva

A C O R D A N:

PRIMEIRO.- Dona María Carmen Iglesias Miguéns, no presente acto e na representación que ostenta, manifesta a súa vontade de ceder gratuitamente da parcela indicada no Expoñendo I do presente Convenio ao Concello de Vilagarcía de Arousa, a seguintes superficies:

- Superficie de 77,28 m² destinada a mellora de vial existente en Guillán.

A situación da superficie obxecto de presente cesión grafiase en plano que se axunta ao presente Convenio como Anexo nº I.

SEGUNDO.- O Alcalde Presidente, actuando en nome do Concello de Vilagarcía, acepta a cesión da superficie indicada no apartado anterior para a realización da actuación de mellora de vial en Guillán.

TERCEIRO.- O Concello de Vilagarcía comprométese a executar no prazo de 4 meses, a contar dende o día seguinte a firma do presente convenio, a delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o presente convenio. A delimitación farase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a clasificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Realización dun peche perimetral o longo das superficies cedidas que poderá acadar unha altura máxima de 0,90 m cego de bloques ou coa pedra existente na



parcela e ata 2,20 m. en elementos lixeiros tales como rexilla, de conformidade coa normativa urbanística de aplicación. Poderase empregar para o peche a pedra existente na parcela.

- Colocación dun portal de entrada á parcela propiedade de Doña María Carmen Iglesias Miguéns.
- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello de Vilagarcía de Arousa mediante o presente convenio.

CUARTO.- O Concello de Vilagarcía comprométese a realizar as actuacións que sexan necesarias con máximo respecto a lexislación aplicable, ben directamente polo Concello ou ben a través dunha empresa externa.

QUINTO.- Se transcorrido o prazo sinalado na cláusula terceira o concello de Vilagarcía de Arousa non executou as obras as que se obriga, facultará a Dona María Carmen Iglesias Miguéns, unha vez constatada notarialmente o incumprimento, a deixar sen efecto este convenio, facendo súas as obras que se tiveran realizado, e sen ter que entregar terreo algún.

En proba de conformidade co contido do presente documento, asinan os comparecentes o mesmo, no lugar e data ó principio consignados, ante min, a Secretaria Xeral do Concello, que dou fe.

O Alcalde Presidente
D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral.
Dona Rosa Losada Suárez.

Asdo.- Dona María Carmen Iglesias Miguéns.